

C) Servizos regulares de uso especial para transporte de escolares e estudantes.

Deberanse manter todos os servizos de escolares e estudantes nas expedicións normalmente establecidas de luns a venres lectivos.

#### Artigo 2º

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde, será sancionado de conformidade coa lexislación vixente.

#### Artigo 3º

O disposto nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lles reconece aos traballadores.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

*Resolución do 25 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se modifican as datas dos exames correspondentes á convocatoria de xuño 2005 para a obtención do carné profesional de operador de guindastre móbil autopropulsado.*

No DOG nº 43, do xoves 3 de marzo de 2005, publicouse a Resolución do 23 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención do carné profesional de operador de guindastre móbil autopropulsado no ano 2005.

Por cuestións técnicas e organizativas é necesario modificar as datas dos exames correspondentes á convocatoria de xuño 2005, que quedan como se indica a continuación:

O exame correspondente á categoría A previsto para o 14 de xuño traládase ao 11 de xuño.

O exame correspondente á categoría B previsto para o 21 de xuño traládase ao 18 de xuño.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2005.

Ramón Ordás Badía

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 1 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto da acta da comisión paritaria do convenio colectivo de siderometal e talleres de reparación de vehículos da provincia de Ourense acordando a revisión salarial e o calendario laboral para o ano 2005.*

Visto o texto da acta da comisión paritaria do convenio colectivo de siderometal e talleres de reparación de vehículos da provincia de Ourense, convenio nº 3200305, acordando a revisión salarial e o calendario laboral para o ano 2005, que se subscribiu o 19 de xaneiro de 2005, polos membros da citada comisión integrada: en representación da parte empresarial, por Atave, Acauto, *Instaelectro* e a *Asociación de Industria de Metal*; e da parte social, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, esta delegación provincial

#### *ACORDA:*

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 1 de febreiro de 2005.

José Lage Lage

Delegado provincial de Ourense

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo de siderometal e talleres de reparación de vehículos da provincia de Ourense para os anos 2004-2005

Ás 19.00 horas do día 19 de xaneiro de 2005, reúnen as persoas que a continuación se relacionan na sede da *Confederación Empresarial de Ourense*, sita na praza das Damas, nº 1 para proceder á actualización salarial do convenio colectivo de industria siderometalúrxica e talleres de reparación de vehículos de Ourense.

Pola parte empresarial: por Atave, Manuel Álvarez Gil. Por Acauto, César Caride. Por *Instaelectro*, José Vázquez de Juánez. Pola *Asociación de Industria de Metal*, José Rodríguez López.